

SELECCIÓN DE PERSOAL TEMPORAL PARA AS VINCULACIÓNS DE URXENCIAS EXTRAHOSPITALARIAS

Introducción:

Tras diversas reunións no seo da Mesa Sectorial e da Comisión de Seguimento do Pacto de urxencias extrahospitalarias nas que se abordaron diversos temas sobre a selección do persoal temporal no futuro modelo organizativo da atención continuada, no ámbito da atención primaria, cómpre facer unha proposta relativa á selección do persoal temporal no citado ámbito.

A dita proposta, elevarase á Comisión de negociación do Pacto de selección para vinculacións temporais no Sergas.

A proposta ten en conta, en adecuada ponderación con outros criterios de selección temporal e coas características das categorías implicadas, a prestación no modelo transitorio deseñado no pacto de urxencias e que foi prestada de xeito provisional ó longo dos últimos catro anos. As bases son as seguintes:

- 1.- O novo modelo organizativo das urxencias extrahospitalarias en canto as relacións laborais supón a creación de prazas novas coa configuración e características prestacionais que se concreten logo da negociación colectiva.
- 2.- O sistema de selección destas prazas será transitorio con vixencia no período de tempo que dure a implantación definitiva do futuro modelo de urxencias extrahospitalarias, prevista nos prazos de Decembro 2004-2007.
- 3.- A transitoriedade dos vínculos eventuais que se subscriban ó obxecto de atende-la prestación no período que medie dende que se ultime a convocatoria de selección temporal para as prazas de posta en marcha e a creación das novas prazas, derivada da implantación paulatina do modelo.

4.- A creación inminente de unidades de posta en marcha nas que os seus profesionais han de ser seleccionados por un procedemento que garanta a aplicación dos principios e criterios xerais que se pacten para a selección temporal pero, respecto do cal, o proceso selectivo non admite demora ata a finalización da convocatoria ordinaria, dada a inmediatez da devandita implantación.

5.- As novas prazas que se creen, e os vínculos que se subscriban no ámbito prestacional que nos atinxe, adscribiranse ás respectivas xerencias de atención primaria co ámbito territorial e funcional que se determine na negociación.

A proposta non resulta exenta de dificultades por mor da controversia dos intereses en xogo, obxecto de garantía e protección; pero en todo caso debe orientarse a garanti-la seguridade xurídica na selección do persoal, a procura do equilibrio das propostas realizadas polas partes implicadas e a protección do interese xeral que se concita en todo proceso selectivo (sexa para persoal definitivo, sexa para persoal temporal) como manifestación dos principios de igualdade, imparcialidade, obxectividade, publicidade, capacidade, competencia e seguridade xurídica.

Xa que logo, coa proposta téndese a busca-lo consenso entre as partes negociadoras, difícil, polo esforzo que esixe o equilibrio das posicións e consideracións que se deben ter en conta para o deseño formal deste proceso selectivo.

Na reunión de 5 de marzo acadáronse diversos compromisos entre as partes: a transformación dos actuais vínculos de atención continuada en novos vínculos coa configuración dun modelo de nomeamento con características singulares para a prestación eventual das urxencias extrahospitalarias, e o tratamento

específico dos servicios prestados en urxencias extrahospitalarias para a selección de persoal temporal durante o citado período transitorio.

Logo do manifestado, faise a seguinte proposta:

I.- Selección de persoal temporal no ámbito da atención urxente do ámbito de atención primaria.

A) Selección para vínculos de longa duración (novas prazas e incidencias nesas prazas que conleven vínculos de longa duración) no novo modelo de urxencias en atención primaria

1º.- A selección do persoal temporal para vínculos de longa duración na nova organización de atención urxente extrahospitalaria que resulte do futuro modelo de urxencias, realizarase de conformidade cos criterios xerais do Pacto de selección temporal, ó efecto do cal deberá terse en conta o seguinte:

1.- Os aspirantes optarán voluntariamente a formar parte dunha listaxe específica que será o instrumento utilizado nos chamamentos para os vínculos de longa duración no futuro modelo de atención urxente extrahospitalaria.

Estes vínculos ofertaranse polo número de orde na listaxe específica que resulte da aplicación dos apartados do baremo xeral ó que se engadirá a puntuación derivada dos IX do baremo de médicos e VII do baremo de enfermería.

Nestes apartados terase en conta a prestación baixo a modalidade de vínculos para cobertura de atención continuada en atención urxente extra hospitalaria.

2.- A inclusión dun aspirante neste listado específico non o excluírá dos chamamentos que lle correspondan pola súa orde de prelación na listaxe ordinaria.

3.- A aceptación dos vínculos de longa duración do novo modelo organizativo de urxencias en atención primaria non suspenderá os chamamentos ós vínculos de longa duración que lle correspondan pola lista ordinaria. Se ben a renuncia a un vínculo de longa duración ó que sexa chamado pola súa orde na lista ordinaria implicará o rexeitamento para todo tipo de vínculo destas características, e, xa que logo, a súa opción por permanecer no vínculo de longa duración nas urxencias extrahospitalarias.

A súa opción por permanecer prestando servicios no ámbito das urxencias extrahospitalarias non obstará a súa obrigatoriedade de incorporarse a prestación ordinaria se houbera indispoñibilidade de aspirantes para a súa cobertura.

2º.- A selección de vínculos de corta duración poderá establecerse mediante o sistema previsto no apartado B , se así se acorda no marco de negociación da selección temporal.

B) Selección para outros vínculos derivados da atención continuada en atención primaria: Vínculos de atención continuada en PAC que non estén configurados como de novo modelo.

A vinculación para a prestación á que atinxe este apartado realizarase a prol dos aspirantes que figuren na lista especial á que se refire o apartado anterior e que soliciten voluntariamente a súa inclusión nun listado de chamamentos para outras vinculacións das urxencias extrahospitalarias non incluídas no apartado anterior:

1.- A listaxe elaborarase cos aspirantes a que se refire o apartado anterior que voluntariamente o manifesten.

2.- Os profesionais inscritos cubrirán as necesidades de atención urxente extrahospitalaria e as demais de carácter temporal que supoñan vinculación dun mes ou período inferior, nos ámbitos territoriais do servizo de atención primaria ou punto de atención continuada (PAC), segundo se determine, en cada caso, no marco de negociación da selección temporal.

3.- A incorporación á listaxe especial non obstará o chamamento para as vinculacións superiores a un mes que lle corresponda pola súa orde de prelación no listado ordinario.

4.- A voluntariedade manifestada para o acceso a vinculación derivadas desta lista será tida en conta en futuras convocatorias de selección temporal nos apartados VI e VII de médicos e nos apartados V.4 e IX de enfermería.

2.- Puntuación adicional

Se xuntan os baremos de persoal de enfermería e persoal médico que serán remitidos á mesa sectorial para ter en conta na negociación do pacto de selección temporal.

3.- Regras transitorias

1.- Transformación dos vínculos actuais de atención continuada.

De conformidade co acordo acadado na data 5 de marzo de 2004, as actuais vinculacións para a cobertura da atención urxente extrahospitalaria formalizados no mes de marzo de 2004 transformaranse nos novos nomeamentos eventuais que se configuren para a citada prestación coas características e vixencias que se determinen.

2.- Dispositivos de posta en marcha do novo modelo de urxencias de atención primaria.

Unha vez determinados os ámbitos dos dispositivos de posta en marcha do novo modelo de atención continuada no ámbito de atención primaria, de conformidade do acordo acadado no seo da Comisión de seguimento do pacto de urxencias extrahospitalarias, a incorporación de profesionais ós mesmos, realizarase en virtude da convocatoria específica para cada ámbito, na que se terán en conta os criterios do baremo do Pacto de selección de persoal temporal, coa consideración específica dos servicios prestados no ámbito das urxencias extrahospitalarias.

As vinculacións que se realicen terán a consideración de vinculacións de longa duración a que se refire o punto 1. Xa que logo, non excluírá o chamamento para vinculacións de longa duración que corresponda ó número de orde da lista ordinaria, sen prexuízo de que o seu rexeitamento por unha soa vez implica a opción do profesional de manterse vinculado no ámbito das urxencias extrahospitalarias ata a finalización do seu vínculo.